



CLUBE DE PIRAGÜISMO

ILLA DE AROUSA

## MEMORIA TEMPORADA 2000/2001

Pasou un ano máis dende que se conseguiron unha serie de obxectivos e ilusións e outras quedáronse a piques de se conseguir.

O primeiro obxectivo cos maiores foron os Campionatos Galegos de Inverno. Nesta proba fomos con dez palistas, dos cales entraron en control cinco e tivemos unha medalla con M<sup>a</sup> Dolores Cores Vázquez, quen quedou na terceira posición na categoría Dama Senior, mentres que por clubs mantivémonos entre os dez primeiros. Ó Campionato de España de Inverno asistimos presentando a catro palistas dos cales entraron en control dous e por clubs entramos dentro dos trinta primeiros clubs nacionais.

### LIGA DE RIOS E TRAVESIAS

Comezamos a prepararnos para o principal obxectivo que tiñamos este ano: a liga de ríos e travesías, competición na cal defendíamos o terceiro posto acadado o pasado ano.

A primeira regata foi o Miño de Ourense, na que quedamos novenos por clubs con catorce palistas, dos cales os mellores resultados foron os obtidos por:

1<sup>a</sup> Dama Senior K-1: M<sup>a</sup> Dolores Cores

1<sup>a</sup> Dama Senior K-2: Elvira Suárez-Nuria Santiago

4<sup>o</sup> Home Senior K-1: Felipe Marques.

Como nota negativa desta xornada resalta o incidente sufrido pola representante na categoría K-1 Dama Junior, que á falta de cincuenta metros e dominando a regata con autoridade volcou, perdendo así máis dos dous minutos que a separaban da segunda, pero conseguiu entrar en control. Outra das carencias sufridas foi a ausencia



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

do canoista senior Ramón Ferro, que se encontraba participando coa selección Española de Maratón na Copa do Mundo celebrada en Zamora.

Á segunda regata desta liga foi a baixada do río Umia. Foi neste descenso no que obtivemos o mellor posto da temporada, terceiros por clubs. A nivel individual, conseguiron impoñerse nas correspondentes categorías:

M<sup>a</sup> Dolores Cores, dama senior K-1

Lucía Vidal, dama junior K-1

Ramón Ferro, senior C-1

Os puntos restantes foron acadados polo resto do total de dezaioito palistas que competiron.

A terceira regata foi en Aldán. Aquí acudimos cun equipo máis reducido, de doce palistas, e os doce conseguiron entrar entre os nove primeiros. Nesta ocasión, o posto acadado polo equipo foi o de undécimo. A nivel individual destacou o segundo posto da embarcación tripulada por Dolores Vázquez e Nuria Santiago.

A seguinte regata, de nivel nacional, foi na serra de Outes. Obtívose un resultado satisfactorio, quedando sétimos con catorce palistas presentados, notándose a baixa de Ramón Ferro por motivos laborais. A nivel individual

1<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Vázquez

1<sup>a</sup> Elvira Suárez e Nuria Santiago

2<sup>a</sup> Lucía Vidal

A quinta regata celebrouse na ría de Betanzos, ó día seguinte da competición internacional de Oporto, na cal participaron có equipo nacional Dolores Vázquez e Ramón Ferro, non podendo este último remar en Betanzos por unha forte contractura



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

muscular. O total de palistas presentados foi de quince, quedando novenos por clubes. Cabe destacar que tamén nesta ocasión todos os palistas do clube contribuíron activamente á consecución deste posto, xa que todos quedaron entre os nove primeiros.

As medallas obtidas foron para:

1ª Dolores Vázquez

3ª Lucía Vidal

O descenso internacional do río Miño foi posiblemente a máis importante do calendario. Presentámonos con quince palistas, o cal é meritorio tendo en conta a saturación do calendario de regatas nesas datas, xa que se celebran a Copa Presidente, o Príncipe de Asturias e a regata internacional de Sanabria. A nivel de clube quedamos novenos e a nivel individual:

2ª Dolores Cores

2ª Elvira Suárez-Nuria Santiago

4º Felipe Marques

5ª Lucía Vidal

A sétima regata foi o trofeo Carraza en Ferrol na cal participamos con dezaseis palistas e quedamos sestos por clubes. Como individuais destacaron:

3º Ramón Ferro

1ª Dolores Vázquez

3ª Lucía Vidal

4º Felipe Marques

A última regata da liga foi o descenso do Sil, o día nove de setembro, a finais da temporada. Presentámonos dez palistas e quedamos sétimos. Os mellores postos:



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

2º Ramón Ferro

2º Dolores Vázquez

3º Felipe Marques

4ª Lucía Vidal

5º Carlos Parada-Moisés Gondar

Dicir que en esta liga a clasificación final foi de 5º de un total de 45 clubs participantes o balance foi moi positivo posto que tiñamos a meirande parte do potencial nos senior e tiñamos categorías que por tradición son fáciles de puntuar baleiras como a canoa e a dama nas categorías cadetes.



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

#### LIGA DE PISTA

A liga de pista abordámola a medias. As razóns foron varias:

- Un calendario moi cargado con probas tódolos fins de semana.
- As regatas de ríos sitúanse de Maio a setembro cunhas distancia de entre 12 e 20 Km. cunha preparación de resistencia e as regatas de pista de Maio a setembro a maioría son de 1000, 500, 200m velocidade, polo que como o mesmo obxectivo eran os ríos non íamos a estar cambiando seguido a planificación de traballo porque así non andariamos nin en velocidade nin en resistencia. As dúas primeiras regatas desta liga de pista son as anteriormente comentadas, Campionato Galego Inverno e Campionato España Inverno, dúas regatas de fondo, a seguinte regata foi a Regata Nacional de Galicia en 500 en Verducido, na cal fomos con pouca xente (12 palistas) e os resultados non foron do todo mal, como dixen antes a nosa especialización e preparación non tiña coma obxectivo estas distancias. Dolores Vázquez quedou 5ª ó igual que Ramón Ferro, e tivemos 3 barcos máis en finais, Lucia Vidal e Raquel Navarro en Dama junior K-2, Moisés e Felipe en K-2 e Nuria e Elvira e K2 e nas seguintes probas (C.E.P e autonómicas) non asistimos, só asistimos o galego senior con 2 palistas e o mellor resultado foi 4º posto en 500m de Felipe. A clasificación final nesta liga foi de 21 entre 45 clubs.

Ademais das regatas incluídas nas ligas celebráronse numerosas de carácter amistoso ou do calendario nacional.

A primeira destas regatas a que asistimos foi a Nacional de Asturias sobre 1000m, que é despois do CEI. Asistimos con catro palistas, os cales entraron todos en finais e



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

como resultados máis destacados cabe sinalar o cuarto posto de Dolores Cores e o quinto de Ramón Ferro.

### MARATOM

A seguinte regata a que asistimos foi un control nacional de Maratón en Zamora. O obxectivo eran intentar clasificar a varios palistas para participar co equipo Nacional na Copa do mundo de Zamora e no Campionato de Europa en Inglaterra. En esta regata conseguíronse moi bos postos ademais de varios dos obxectivos perseguidos: Ramón Ferro 5º, Dolores Vázquez 4ª, Lucía Vidal 6ª. Debido a estes resultados ó día seguinte remaron en barcos de equipo, con xente de outros clubs; nós, por suposto, xa tiñamos os barcos entrenados. No caso de Ferro, cun rapaz do Ciudad de Pontevedra (quedaron 2º), Dolores cunha rapaza de Cantabria (quedaron 2ª) e Lucía cunha das Pontes de garcia rodriguez(quedaron 3ª). Estes resultados permitiron que Ramón remara xunto con Oscar (C. de Pontevedra) en C-2 a copa do Mundo de Zamora, quedando en 4ª posición. Os tres anteriormente citados remaron tamén o maratón Internacional de Oporto (Crestuma) en Portugal, 15 días despois da copa do mundo de Zamora. Ramón Ferro gañou a regata en C-2, mentres que Dolores Vázquez quedaba 2ª e Lucía Vidal 6ª.

Outra regata deste calendario o príncipe de Asturias no cal tivemos unha discreta actuación, quedando o equipo feminino en 5ª posición polo que non puideron subir o podium como en anos anteriores. O equipo masculino rematou na 18ª posición, que, dado o nivel, foi un posto moi meritorio para eles. Na copa Presidente as posicións foron similares.



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

#### KAIAC POLO

Outra das ligas nas que participamos foi a de kaiac-polo. Levabamos varios anos tendo equipo masculino e feminino, pero por razóns laborais e de estudos universitarios este ano só fixemos equipo masculino, que estaba encadrado na segunda división autonómica. Esta liga estaba composta de 5 torneos e o grupo de palistas que formaba este equipo era de doce. Ó principio da temporada e como preparación xogamos un torneo en Lugo, outro en Portugal e por último un en Ponteareas. O balance foi positivo xa que a maior parte do grupo eran novo en estas lides. A traxectoria na liga foi de menos a máis; comeza quedando 5º e rematamos quedando 3º e a clasificación final na liga foi a 4ª posición.



## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

#### LIGA DE PROMOCION

A liga de infantiles comeza en Maio polo que en Xaneiro xa tes que ter os nenos remando na auga. O inverno que fixo foi moi duro pero os nenos acudiron os adestramentos con ilusión. As primeiras catro regatas eran de infantiles solo, nas que tivemos unha boa actuación, alternando entre o 10º e o 13º posto. A nivel individual Borja Suárez e Adrián Falcón estaban sempre no podium, polo que ó final conseguiron clasificarse para ir a competir coa selección galega de infantiles o campionato de España por Autonomías, quedando Adrián 3º e Borja 4º de toda España, polo que estamos moi contentos no clube. Nas seguintes regatas entraban en danza os alevíns e a clasificación nas seguintes 4 probas seguiu a ser 10º-13º, polo que o final da liga quedamos na 10ª posición.

Tamén acudimos á liga Nacional de infantiles, que constaba de 3 probas: Zamora, Galicia, Asturias. Os resultados foron bos, porque todos os nenos que levamos a competir entraron en puntos e a clasificación final en esta liga nacional foi a 18ª. Outras regatas amistosas ás que asistimos foron Cambados e Catoira, con trofeos para varios nenos e unhas boas clasificacións por clubes.

A nivel de organización de regatas tivemos unha puntuable para a liga galega do C. Xunta de Infantiles, á cal asistiron tódolos clubes de Galicia cun total de 530 infantiles. Os colaboradores nesta regata foron varios: Federación Galega de Piragüismo, Deputación de Pontevedra, concello de A Illa de Arousa, secretaría xeral para o deporte, Patronato de deportes de A Illa, e Protección Civil entre outros.





## CLUBE DE PIRAGÜISMO

### ILLA DE AROUSA

#### ACTIVIDADE E CURSIÑOS

Dentro da xente que fixo piragüismo no clube en esta temporada e das licencias feitas de competición, dicir varias cousas: unha que este clube posúe un seguro de responsabilidade civil que cubre 150 deportistas, incluídos directiva e adestrador hasta 50 millóns, polo que non a todos os que fan algún cursiño ou pasea en piragua se lles fai licencia federativa, senón os custos totais das licencias serían moi altos.

A campaña de promoción do noso deporte empezou na localidade, expoñendo vídeo e dando charlas nos colexio dende o mes de Marzo, e estando en contacto con profesores e A.P.A.s, outra forma de facer promoción do noso deporte e facendo cursiños polo cal fixemos un no mes de xulio en colaboración coa universidade de Vigo na licenciatura de educación física, o cal foi un éxito con 65 alumnos cunha duración dunha semana en horario de mañá e tarde.

Durante o verán faciamos cursiños en cada quincena polo que a asistencia no so da Illa, senón tamén das localidades máis cercanas foi alta: durante este ano subíronse a unha pirauga neste clube máis de 200 deportistas de tódalas idades e fixemos 73 licencias de competición e un dato a destacar e que a parte desta xente que remou en pirauga houbo preto de 100 persoas que disfrutaron das instalación do clube mediante o ximnasio, sauna e clases de aerobic e ximnasia de mantemento, polo cal durante o ano 2001 foron máis de 300 persoas as que se achegaron o clube a facer algunha actividade deportiva.